



Julia:

Debaixo da túa ventana  
está i-a luna parada  
que a ten detenida  
a hermosura de tu cara.

José:

Debaixo da túa ventana  
fixo a perdiz o niño  
i eu como son cazador-e  
a tu ventana m' arrimo.

Julia:

Debajo de la oliva  
no te echas a dormir  
nin cases cun home vello,  
nena, se queres vivir.

José:

Cando paso por tu puerta  
siempre me cai el sombrero  
de mirar pra tu ventana  
si tiene buen sobidero.

Julia:

Nena, qu' estás na ventana  
coas puntas do pano fóra,  
eu quéroche vela cara  
qu' o pano non me namora.

José:

Vintacinco servilletas  
seis reás en cada punta,  
nena qu' estás na ventana  
baixa botarme a conta.

Julia:

Se mo deches non mo deras,  
eu pedir non cho pedín,  
déchello a quen quíxeches  
quérsmo cobrar a min.

José:

E pa botarlle-la conta  
de diaño falta me fas-e  
vintacinco servilletas  
sonche seiscientos reás-e.

Julia

Debaixo de a oliva  
é ghusto parrafear  
que ten as follas menudas  
non deix' entrar o lunar.

José:

A raíz do toxo blanco  
é mui mala d' arrincar-e  
i os amoríños primeiros  
son mui malos d' olvidar-e.

Julia:

Costureira no a quero,  
se ma dan tiro con ela,  
cantos pillos hai na calle  
de noite dormen con ela.



José:

Ben te vin entrar na igrexa,  
ben te vin arrodillar-e  
cousa que vin os meus ollos  
non a podes neghar-e.

Julia:

Costureira non a queres  
tampouco cha non han dar,  
es fillo de rapcalos  
solteiriño has de quedar.